




Normas de estilo para a presentación de teses de doutoramento

Escola Internacional de Doutoramento da Universidade de Vigo (EIDO)

(aprobadas na Comisión Permanente do 04/03/2016
e modificadas na Comisión Permanente do 29/09/2016)

I. Versión da tese en soporte papel

(i) **Cuberta:** A cuberta deberá ser deseñada necesariamente co modelo do Anexo 1, cos seguintes elementos obrigatorios:

- Logotipo (non escudo) da Universidade de Vigo: 
- “EIDO Escola Internacional de Doutoramento”
- “TESE DE DOUTORAMENTO”
- Título da tese
- Nome do/a doutorando/a
- Ano (de depósito)
- “Mención internacional” (cando corresponda)

[A cuberta non pode conter outros logotipos de entidades externas ou nomes de Centros da Universidade, grupos de investigación, etc. Unicamente se poderán incorporar logotipos de institucións non universitarias que, segundo a memoria verificada, formen parte oficialmente do programa e nas que se desenvolvese a maior parte da tese.]

(ii) **Lombo:** Debe incluír en formato vertical (de abaixo a enriba) estes elementos:

- Nome do/a doutorando/a
- “TESE DE DOUTORAMENTO”
- Título da tese
- Ano (de depósito)

(iii) **Portada:** Empregarase para a portada (interior) o esquema do Anexo 2.

(iv) **Acreditación da dirección:** Empregarase para esta páxina (interior) o esquema do Anexo 3.

A xeito de recomendación,

- a fonte empregada especialmente na sección aquí descrita debера ser New Baskerville
- a páxina 3 podería conter a dedicatoria e mailos agradecementos que o/a autor/a desexe expresar
- a páxina 4 e seguintes poderían conter o índice
- a continuación, poderíanse incluír as listaxes de símbolos, abreviaturas, siglas/acrónimos, táboas, figuras, etc.

II. Versión da tese en soporte dixital

A versión (tamén obrigatoria) en soporte dixital (CD-ROM, DVD, etc.) deberá conter a versión en *pdf* da versión en papel da tese, preferiblemente nun único arquivo, con exactamente os mesmos elementos da versión en papel. É desexable que o soporte estea identificado mediante carátula impresa e embalaxe física (caixa plástica, etc.) que respecte e estea baseada na estética do modelo de cuberta da versión en papel (Anexo 1).



Anexo 1. Cuberta





Anexo 2. Portada

Universidade de Vigo
Escola Internacional de Doutoramento

[Autor/a]

TESE DE DOUTORAMENTO
[Título da tese]

Dirixida polo/a/s doutor/a/s:

Ano:

“Mención internacional” (cando corresponda)

[A portada non pode conter outros logotipos, nomes de Centros da Universidade, grupos de investigación, etc.]



Anexo 3. Acreditación da dirección

Universidade de Vigo

Escola Internacional de Doutoramento

[Nome do/a/s director/a/s]

FAI CONSTAR que o presente traballo, titulado “[título da tese]”, que presenta [nome do/a doutorando/a] para a obtención do título de Doutor/a, foi elaborado baixo a súa dirección no programa de doutoramento “[nome do programa]” “interuniversitario das Universidades ...” [cando proceda].

[Ourense/Pontevedra/Vigo], [día] de [mes] de [ano].

O/A/s Director/a/s da tese de doutoramento

Dr./a [nome do/a director/a/s]

Dr./a [nome do/a director/a/s]